



2026



CAMPIONATO XUNTA DE GALICIA DE MONTAÑA- CIRCUITO INTERNACIONAL DE MONTALEGRE 2026

**REGULAMENTO PARTICULAR
VII SUBIDA A TABOADELA
21,22 e 23 de Agosto
Concello de Taboadea
Ourense**



1.- PROGRAMA.

Data	Horario	Programa	Lugar
22/07/2026	12:00	Apertura de Inscripcións	www.fga.es
17/08/2026	22:00	Peche de Inscripcións	https://fga-fedeauto.podiumsoft.info/
19/08/2026	20:00	Publicación lista de inscritos	Sportity www.fga.es www.escuderiataboadela.com
21/08/2026	18:00 a 21:00	Verificacións administrativas optativas	Casa da Cultura Taboadela
	18:30	Apertura parque pechado	Polideportivo Taboadela
	18:30 a 21:30	Verificacións técnicas optativas	
22/08/2026	9:00	Apertura Parque Pechado	Casa da Cultura Taboadela
	9:00 a 11:30	Verificacións Administrativas	
	9:30 a 12:15	Verificacións Técnicas	
	12:30	Hora límite entrada parque pechado	Polideportivo Taboadela
	12:45	Publicación lista de Autorizados a tomala saída	SPORTITY
	13:45	Presentación Pilotos Parque Pechado	Polideportivo Taboadela
	13:50	Briefing de Pilotos (OBRIGATORIO)	
	14:10	Apertura parque pechado	
	14:20	Presentación pilotos en parque pre-saída	OU-320 Taboadela
	15:00	1ª Manga de adestramentos	OU-320 Taboadela – Alto de Taboadela
	A continuación	1ª Manga Carreira Oficial	
	A continuación	2ª Manga Carreira Oficial	
	21:45	Hora límite entrada parque pechado	Polideportivo Taboadela
23/08/2026	8:05	Presentación pilotos parque pechado	
	8:10	Apertura parque pechado	
	8:20	Presentación pilotos en parque pre-saída	OU-320 Taboadela
	9:00	2ª Manga de adestramentos	OU-320 Taboadela – Alto de Taboadela
	A continuación	3ª Manga Carreira Oficial	
	A continuación	4ª Manga Carreira Oficial	
	A continuación	Parque pechado final e publicación clasificación oficial	OU-320 Taboadela
	A continuación	Verificacións de oficio (Optativas)	
	A continuación	Cerimonia de podio	
	A continuación	Rolda de prensa dos tres primeiros clasificados (6), carrozados e non carrozados (Recoméndase)	Praza do concello Taboadela
	A continuación	Apertura parque pechado	OU-320 Taboadela

TABOLEIRO OFICIAL DE AVISOS.

Desde o día 22 de Xullo ás 21:00 horas ata do día 24 de Agosto ás 21:00 horas estará no taboleiro oficial dixital da proba na APP SPORTITY: contrasinal **TABOADELA26**

Desde o día 22 de agosto ás 11:00 horas ata o día 23 de agosto ás 17:00 horas estará tamén situado na Oficina Permanente da Proba no autobús da FGA, que estará emprazada en Taboadela na saída da proba.

A aplicación "Sportity" pódese descargar de Google Play ou App Store nas seguintes ligazóns:

App Store: <https://apps.apple.com/ee/app/sportity/id1344934434>

Google Play: <https://play.google.com/store/apps/details?id=com.sportity.app>

2.- ORGANIZACIÓN.

Artigo 1.- Organización.

1.1.- Definición:

A **Escudería Taboadela** organiza a **VII Subida a Taboadela** que se desenvolverá desde o día 21 de agosto ó día 23 de agosto do ano 2026.

Esta proba disputarase de acordo co establecido nas prescricións comúns ós Campionatos e Copas de Galicia 2026, o regulamento xeral, e o presente regulamento particular da proba, no C.D.I. (e os seus anexos), as prescricións xerais aplicadas a tódolos Campionatos e Copas F.I.A., e os Regulamentos Xerais dos mesmos, aprobados pola Federación Galega de Automobilismo o día 18 de xuño de 2026. A Proba ten o Permiso de Organización da Federación Galega de Automobilismo número GA-035-MO.

1.2.- Comité de Organización:

Presidente:

D. Jorge Salgado Pérez

Vocais:

D. Lorena Salgado Pérez

D. Hadrián Rúa Fernández

D. Brais Adao Cid

D. Pedro Guede Fernández

D. Abel Yáñez López

Secretario:

D. Hugo Amaro Fernández

Dirección da Secretaría do Comité Organizador:

Escudería Taboadela

Espiñeiro 30, Taboadela

32691 Ourense

Teléfono: +34 619 196 954

escuderiataboadela@gmail.com

1.3. Oficiais:

Presidente Escudería/Comité Organizador:

D. Jorge Salgado Pérez

DC-03635-ESP/GA.

Director da Carreira-Oficina:

D. Jorge Salgado Pérez

DC-03635-ESP/GA.

Vehículo "XEFE SEGURIDADE VIAL":

D. Antonio Barreiro Bernárdez

DC-03734-ESP/GA.

Comisario Técnico da Escudería Verificacións Xerais:

Vocal: D. José M. Rodríguez Fernández

JCT-03616-ESP/GA.

Vehículo "0" (DIRECTOR ADXUNTO NA ESTRADA):

Vermello D. Abel Yáñez López

DC-05163-ESP/GA.

Nota: En cumprimento da nova normativa de expedición de licencias, o resto dos oficiais da proba comunicaranse en COMPLEMENTO, polo menos sete días antes da celebración da proba.

Servizo informático e publicación de tempos: ANUBE

Servizos Médicos: EMS Galicia

Servizo de ambulancias: Ambulancias Bande

Centros Asistenciais: PAC Allariz, CHUO e os designados por concerto pola CIA aseguradora Allianz.

Servizo de Grúas: Talleres Antelano e Grupo Viana

O Vehículo "0" pasará diante do primeiro participante coa antelación suficiente para non ser alcanzado polo mesmo. O Vehículo Escoba pasará xusto detrás do derradeiro participante. Estes dous vehículos terán que ser pilotados por Oficiais con licenza DC, expedidas pola F.G. de A., e á súa vez deben ser incluídos no Seguro contratado polo Organizador para a cobertura do meeting no eido dos participantes.

3.- MODALIDADES XERAIS.

Artigo 2.- Puntuabilidade.

A proba **VII Subida a Taboadela** é puntuable para os seguintes Campionatos, Copas e Trofeos:

- Categoría 1 Campionato de Carrozados (CLASE 1,2,3,4,5A,5B,5C).

- Copa de Galicia de Montaña CLASE 1 (PF 15-39).
- Copa de Galicia de Montaña CLASE 2 (PF 40-79).
- Copa de Galicia de Montaña CLASE 3 (PF 80-119).
- Copa de Galicia de Montaña CLASE 4 (PF 120-159).
- Copa de Galicia de Montaña CLASE 5A (PF 160-199).
- Copa de Galicia de Montaña CLASE 5B (PF 200-299).
- Copa de Galicia de Montaña CLASE 5C (PF >299).

- Campionato Non Carrozados

b.1) Categoría 2 (CLASE 1,2)

b.2) Categoría 3 (CLASE 7, 8)

- Copa de Galicia de Montaña CLASE 7 (CM)
- Copa de Galicia de Montaña CLASE 8 (CARCROSS)
- Copa de Galicia de Montaña para Escuderías (debidamente rexistradas e en posesión de licenza de concursante expedida pola F.G.A.).
- Copa de Galicia de Montaña de Regularidade
- 2ª COPA CM "MEMORIAL PACO OUTEDA"

Artigo 3.- Vehículos admitidos.

Serán admitidos todos os seguintes vehículos

CATEGORÍA-1

- CLASE 1 (PF 15-39).
- CLASE 2 (PF 40-79).
- CLASE 3 (PF 80-119).
- CLASE 4 (PF 120-159).
- CLASE 5A (PF 160-199).
- CLASE 5B (PF 200-299).
- CLASE 5C (PF >299).

CATEGORÍA-2

- CLASE 1
- CLASE 2

CATEGORÍA-3

- CLASE 7 (CM) SEGÚN ANEXO 8 FGA
- CLASE 8 (CARCROSS) SEGÚN ANEXO 7 FGA

REGULARIDADE SEGÚN ANEXO 9 FGA

Artigo 4.- Desenrolo da proba. Según regulamentación publicada no Regulamento Xeral do Campionato de Galicia de Montaña do Anuario 2026.

5.- PARQUES. Según regulamentación publicada no Regulamento Xeral do Campionato de Galicia de Montaña do Anuario 2026.

6.- MARCAXE DE PNEUMÁTICOS: Según regulamentación publicada.

7.- REGULARIDADE: Según regulamentación publicada Regulamento Xeral do Campionato de Galicia de Montaña Regularidade Sport no Anuario 2026.

Artigo 8.- Percorrido. A proba celebrarase na estrada: OU-320 desde Taboadela ata o alto de Taboadela 3,7km


- Saída: OU-320 no km 17,720. 381 m. de altitude.

Latitude:42°14'38.0"N Lonxitude:7°49'38.7"W.

- Chegada: OU-320 no km 14,020. 582 m. de altitude.

Latitude:42°13'13.9"N Lonxitude:7°49'41.7"W.

Desnivel 201 m con pendente media do 5,4%



Os recoñecementos do percorrido feitos á marxe das mangas oficiais, serán de exclusiva responsabilidade dos ocupantes do vehículo, sen que se poda vincula-la súa actuación, baixo ningún concepto, coa organización da proba. Queda estritamente prohibido realizar marcas sobre sinais de tráfico, fitos, pavimentos, edificacións ou marxes da estrada por parte dos concursantes, participantes e outras persoas relacionadas con eles, no curso dos recoñecementos previos.

Artigo 9.- Sinalizacións. Durante o transcurso da proba deberanse ater rigorosamente as indicacións dos oficiais sinaladores, efectuadas coas bandeiras co significado que a continuación se detalla:

Bandeira roxa: Parada inmediata e absoluta.

Bandeira Galega: Sinal de saída.

Bandeira Amarela (Inmóbil): Perigo en xeral, minora-la marcha, prohibido adiantar.

Bandeira Amarela (Axitada): Perigo inmediato, minora-la marcha, prohibido adiantar.

Bandeira Amarela (Dúas axitadas): Obstrución moi grave ou total da pista. Prohibido adiantar.

Bandeira Amarela con franxas roxas verticais: Superficie deslízante por aceite, auga, gravilla, etc.

Bandeira Branca: Presenza en pista dun vehículo lento ou un vehículo de servizo"S", ambulancia, etc.

Bandeira Azul: Un concursante intenta adiantar.

Bandeira Negra con cadros brancos: chegada da Carreira.

Artigo 10.- Concurantes admitidos. Para participar nos Campionatos e Copas de Galicia estarase ó disposto no Anexo I do Anuario Deportivo 2026 publicado pola Federación Galega de Automobilismo.

Artigo 11.- Solicitude de inscrición-inscricións.

11.1.- Todo equipo que desexe participar na **VII Subida a Taboadela** terá que cumprimentar telemáticamente na zona privada da plataforma PODIUM o formulario de inscrición. A falla de calquera dos datos requiridos no formulario implicará que non se complete e polo tanto se refusa a mesma.

Os datos relativos ao copiloto poden ser modificados ata as 20:00h. do día 18 de agosto de 2026.

CERRE DAS INSCRICIÓN AS 21:00H DO DÍA 17/08/2026

11.2.- O nº de inscritos fíxase nun máximo de 150 vehículos.

11.3.- Os dereitos de inscrición deberán ser satisfeitos a través da plataforma PODIUM no momento da inscrición, e **NON SE DEVOLVERÁN OS DEREITOS DE INSCRICIÓN A NINGÚN PARTICIPANTE UNHA VEZ PUBLICADA A LISTA DE INSCRITOS.**

11.4.- Admitiranse Inscricións condicionadas, unha vez superado o número de inscritos fixado como máximo.

11.5.- A orde de recepción da Solicitude de Inscrición, así como dos Dereitos de Inscrición, será determinante para a confección da Lista de Inscritos.

NON SE CONSIDERARÁ INSCRITO NINGÚN EQUIPO QUE INCUMPLA TOTAL OU PARCIALMENTE O SINALADO NESTE ARTIGO 11

Artigo 12.- Dereitos de inscrición-Seguros.

12.1.- Os dereitos de inscrición fíxanse en:

12.1.1.- **245€** aceptando a publicidade facultativa proposta polos Organizadores.

12.1.2.- **490€**. Refusando esta publicidade. (Este valor como máximo debe ser o dobre que o apartado 12.1.1.).

12.1.3.- Os dereitos de inscrición na modalidade de Regularidade Sport fíxanse en:

A) **150€** aceptando a publicidade facultativa proposta polos Organizadores.

B) **300€** refusando esta publicidade. (Este valor como máximo debe ser o dobre que o apartado 12.1.3.A.).

12.2.- A solicitude de inscrición non será aceptada se non vai acompañada dos dereitos de inscrición.

12.3.- Os dereitos de inscrición comprende o seguro garantindo a responsabilidade civil fronte a terceiros, de acordo coa regulamentación da Federación Galega de Automobilismo.

4.- OBRIGACIÓNS XERAIS.

Artigo 13.- Publicidade. A Publicidade proposta polo organizador será a seguinte: A designada no complemento de publicidade

Os concursantes que acepten a publicidade facultativa proposta polos organizadores deben reservalos emplacements seguintes: Os designados no complemento de publicidade

5.- DESENROLO DA PROBA.

Artigo 14.- Hora oficial da Proba. Durante o transcurso da Proba, a hora oficial será a emitida polos Cronómetros da F.G. de A. e a web www.time.is.

Artigo 15.- Penalizacións. As penalizacións son as previstas no regulamento do Campionato de Galicia de Montaña.

Artigo 16.- Premios. Os premios e Trofeos que se entregarán serán os seguintes: (Reparto de premios mínimo esixido pola Comisión de Montaña da F.G.A.)

PREMIOS E TROFEOS XERAL A CADA CLASE:

TROFEOS XERAL CARROZADOS	
ORD	
1º	650 € e Trofeo e Coroa de Loureiro
2º	400 € e Trofeo
3º	200 € e Trofeo
Total	1.250 €
TROFEOS XERAL NON CARROZADOS	
ORD	
1º	650 € e Trofeo e Coroa de Loureiro
2º	400 € e Trofeo
3º	200 € e Trofeo
Total	1.250 €

CATEGORIA 1: CLASES 1, 2, 3, 4, 5A, 5B, 5C. CATEGORIA 2: CLASES 1, 2. CATEGORIA 3: CLASES 7, 8.	
1º	245€ e Trofeo
2º	140€ e Trofeo
3º	50€ e Trofeo
TOTAL	435*11: 4.785 €

TOTAL PREMIOS EN METÁLICO: 7.285 €.

Trofeos e Copas de Promoción que designe a F.G.A.

PREMIOS POR PROBA: Regularidade: Os premios e trofeos que se entregarán a piloto e copiloto serán os seguintes:

Regularidade

- 1º 150 €
- 2º 100 €
- 3º 50 €

Artigo 17 DISPOSICIÓNS CONTRARIAS A NORMATIVA XERAL DA F.G.A.: Según o artigo 6.2 das Prescricións Comúns dos Campionatos e Copas de Galicia. "O proxecto de Regulamento Particular deberá mencionar explicitamente, nun apartado diferenciado, tódalas súas disposicións que resulten contrarias a normativa xeral da F.G.A.". Deberán facer constas no regulamento particular a excepcións aprobadas pola F.G.A.

Don Jorge Salgado Pérez, provisto da licenza do Colexio de Oficiais de Automobilismo de Galicia, solicito a aprobación do presente Regulamento Particular da proba á Federación Galega de Automobilismo.

Asdo.: Director da Carreira
N.I.F.: 44475710N
DC-03635-ESP/GA

Entidade: Escudería Taboadela
C.I.F.: G32503237
Asdo.: Presidente D. Jorge Salgado Pérez



Selo do Clube

Asdo.: Xefe de Seguridade Vial
N.I.F.: 36159255N
DC-03734-ESP/GA